

## **ERASMUS+ CERDEÑA**

### **Mobilidade docente – Ariadna e Nerea**



**Accademia di Belle Arti Mario Sironi**

**4 de maio- 8 maio de 2026**



Esta mobilidade Erasmus+ desenvolveuse en Sassari e Cagliari (Cerdeña) coa finalidade de coñecer metodoloxías docentes, establecer contactos profesionais e crear futuras vías de colaboración internacional no ámbito das artes escénicas, audiovisuais e plásticas.

### **DÍAS 1 e 2. VISITA Á ESCOLA E ASISTENCIA A ALGUNHAS CLASES COS DOCENTES.**

O centro de acollida foi a “Accademia di Belle Arti Mario Sironi” de Sassari (Cerdeña).




A *Accademia di Belle Arti Mario Sironi* de Sassari é un centro de estudos superiores artísticos, equivalente aos graos universitarios de catro anos, cunha organización e oferta educativa semellante á da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.

Alí coñecemos aos seguintes docentes:

- Gianmarco Satta: coordinador de Internacional e bibliotecario.
- Simone Ligas: coordinador Erasmus+.
- Giovanni: docente de artes gráficas, serigrafía e gravado.

Todos eles amosaron unha gran disposición ao intercambio de ideas e á creación de futuras colaboracións entre ambas institucións.








- Ottavio Anania: Profe de escenografía. [Ottavio.anania@yahoo.it](mailto:Ottavio.anania@yahoo.it) / +39 3387538617. INTERESADO en vir dar un curso/taller de escenografía para

espectáculos (teatro).








- **Monia Mancusia:** docente de diseño de escenografía.



- **Alessandra Brancatti:** cinema documental.



- **Paolo Carta**: impresión gráfica e tratamento de fotografía dixital.



- Marco Mendeni** : profe de cine .



- **Garau Marcellino – Sound Design** : profesor de sonido.

- **Valeria Brandano:** docente de fotografía.

- **Pietro Pirino:** Profe de impresión 3D





Con algúns deles tivemos a oportunidade de compartir non só un café, se non tamén aulas.

Intercambiamos información sobre ambos sistemas de estudo e tamén sobre a planificación lectiva. Para eles é interesante que os docentes poidan planificar as súas semanas e imparten os cursos de xeito continuo. Iso é unha circunstancia que se debe ao feito de ser unha illa e para que os docentes non teñan que desprazarse tanto.

A eles gustoulles da nosa organización o feito de ter un único almacén con todo o material técnico.

Como aspecto en común, ambos estamos sen un espazo de representación escénica (teatro). No caso deles, están metidos nun proxecto e contarán con esta aula/auditorio en breves.

Como conclusión da experiencia, os docentes están moi interesados en vir dar algún curso de especialización á nosa escola, e pola nosa parte plantexámoslles facer un proxecto en común. Por exemplo, o musical teatral que nós facemos. Nós poñemos o elenco e o equipo técnico, mentres que eles ponen a parte de escenografía e vestuario. Pode ser un interesante proxecto de futuro moi enriquecedor.







ESPOSIZIONE DI BIELLA 1974 - MOSTRA PERMANENTE - CANTIERE  
MUSEO CIVICO - VIA S. PIETRO 10 - 12042 BIELLA (VC) - ITALIA  
ORARIO: 10.00 - 18.00 - 19.00 - 20.00  
TELEFONO: 015/4210111 - 4210112  
DIRETTORE RESPONSABILE: GIUSEPPE VIGORELLI  
CAPOREDATTORE: GIUSEPPE VIGORELLI  
REDAZIONE: VIA S. PIETRO 10 - 12042 BIELLA (VC) - ITALIA



Il progetto è stato elaborato in un clima di collaborazione tra l'architetto e il committente, con l'obiettivo di realizzare un edificio che fosse sia un luogo di lavoro che un luogo di incontro e di dialogo.

Il progetto è stato elaborato in un clima di collaborazione tra l'architetto e il committente, con l'obiettivo di realizzare un edificio che fosse sia un luogo di lavoro che un luogo di incontro e di dialogo.

*Sinfonia*

*Sinfonia*

*Partitura*











**DÍA 3. ACTIVIDADE CULTURAL**

Este día tiñamos prevista unha reunión coa directora do teatro de Sassari. Finalmente non puido recibirnos, aínda que quedamos co seu contacto:

**segreteria.artistica@marialisadecarolis.it**

Ao avisarnos esa mesma mañá, o profesor de son recomendounos asistir a unha experiencia inmersiva arredor da obra do artista sardo **Pinuccio Sciola**, coñecido internacionalmente polas súas “pedras sonoras”.

Visitamos un espazo expositivo ao aire libre onde puidemos coñecer de preto a súa obra escultórica e experimentar coa vibración e o son producido polas pedras ao seren rozadas ou golpeadas suavemente. A experiencia resultou especialmente interesante para nós pola relación entre arte, escultura, natureza e son.

Sciola converteu a pedra nun elemento artístico vivo, capaz de transmitir emocións a través da música e da resonancia natural dos materiais. Ademais do valor artístico das pezas, a visita permitiunos comprender mellor a importancia da identidade cultural sarda e a conexión entre tradición e innovación.

A actividade foi moi enriquecedora tanto a nivel artístico como sensorial, e serviunos para descubrir novas formas de entender a creación escénica e sonora.

### **Información sobre Pinuccio Sciola**

Pinuccio Sciola foi un escultor e artista sardo nacido en San Sperate, coñecido pola creación das chamadas “pedras sonoras”. A súa traxectoria artística estivo moi vinculada á transformación cultural da súa vila natal, convertida co tempo nun auténtico “museo ao aire libre”.

A partir dos anos 90, a súa investigación artística centrouse nas posibilidades acústicas da pedra, creando esculturas capaces de vibrar e emitir sons mediante o contacto humano. As súas obras foron expostas internacionalmente e constitúen unha referencia dentro da arte contemporánea relacionada co son e a natureza.





#### DÍA 4. ENTREVISTA COA FILM COMMISSION E SARDEGNA TEATRO

Durante esta xornada mantivemos unha reunión con representantes da **Sardegna Film Commission**, entidade dedicada á promoción audiovisual e cinematográfica na illa.

Na entrevista explicáronnos o funcionamento das producións audiovisuais en Cerdeña, así como as oportunidades de colaboración internacional e prácticas para alumnado relacionado co audiovisual, produción e artes escénicas.

Mostráronse moi interesados no perfil do noso alumnado e comentaron a posibilidade de establecer futuras colaboracións en proxectos audiovisuais e culturais. Ademais, ofrecéronse a facilitarnos contactos de empresas e profesionais do sector para futuras prácticas ou intercambios.

**Contacto: Susana Tornosello,**

**correo electrónico [s.tornosello@sardegnafilmcommission.it](mailto:s.tornosello@sardegnafilmcommission.it)**



Posteriormente entrevistámonos tamén con representantes de **Sardegna Teatro**, onde puidemos coñecer o funcionamento da compañía e dos seus proxectos escénicos.

Falamos especialmente sobre posibles vías de colaboración internacional e sobre a importancia da creación contemporánea, a formación artística e os intercambios culturais entre centros educativos.

Do **Sardegna Teatro** entrevistámonos con **Giulia Muroni**

[giulia@sardeginateatro.it](mailto:giulia@sardeginateatro.it).

Durante a reunión puidemos coñecer máis de preto o funcionamento desta entidade teatral e os diferentes proxectos culturais e escénicos que desenvolven en Cerdeña. Explicáronnos a súa forma de traballo, moi vinculada á creación contemporánea, á investigación artística e á colaboración con compañías e profesionais de distintos ámbitos das artes escénicas.

Ao longo da conversa intercambiamos información sobre os nosos centros educativos, os estudos relacionados co teatro, o audiovisual e a produción escénica, así como as posibilidades de mobilidade e cooperación internacional dentro do programa Erasmus+.

Mostráronse interesados nas actividades e proxectos que realizamos no noso centro, especialmente na creación de espectáculos e no traballo interdisciplinar entre alumnado de diferentes especialidades. Falouse tamén da posibilidade de establecer futuras colaboracións, tanto a través de intercambios como mediante a participación en proxectos culturais e formativos compartidos.

A reunión resultou moi enriquecedora, xa que nos permitiu coñecer outra realidade profesional e artística, ademais de establecer un contacto de gran interese para posibles iniciativas futuras relacionadas co ámbito teatral e cultural europeo.



## DÍA 5. VISITA VIDEOLINA (Televisión)

A pesar de non recibir resposta previa ao correo electrónico enviado, decidimos acudir igualmente ás instalacións de **Videolina** coa intención de presentar persoalmente o noso proxecto Erasmus+ e explorar posibles vías de colaboración futura.

Ao chegar, o persoal de recepción atendeunos de maneira amable e intentou poñernos en contacto con algunha persoa responsable da área de produción ou coordinación. Explicámoslles o obxectivo da nosa visita, centrado na procura de posibles colaboracións internacionais relacionadas coa formación audiovisual, prácticas e intercambios dentro do programa Erasmus+.

Finalmente informáronnos de que, na actualidade, a entidade non participa neste tipo de programas nin desenvolve colaboracións Erasmus+ co ámbito educativo. Aínda así, a visita resultou interesante para coñecer de primeira man o funcionamento dun medio de comunicación audiovisual de referencia en Cerdeña e permitiunos achegarnos á realidade profesional do sector televisivo na illa.

A experiencia serviunos tamén para comprender a importancia do contacto directo e da creación de redes profesionais durante este tipo de mobilidades, así como para valorar diferentes posibilidades de colaboración internacional no ámbito audiovisual e cultural..



## **Conclusión**

A experiencia Erasmus+ en Cerdeña resultou enormemente enriquecedora tanto a nivel profesional como persoal. Tivemos a oportunidade de coñecer novas metodoloxías de traballo, compartir experiencias docentes e establecer contactos moi valiosos para futuras colaboracións internacionais.

O intercambio cultural e artístico permitiunos ampliar a nosa visión sobre as artes escénicas, audiovisuais e plásticas, descubriendo ademais novas formas de integración entre arte, tecnoloxía e territorio.

Sen dúbida, esta mobilidade supón un importante punto de partida para futuros proxectos colaborativos entre ambas institucións.

Máis alá do aspecto profesional, esta mobilidade supuxo unha experiencia de crecemento persoal e cultural. Compartir espazos, ideas e proxectos con persoas doutro contexto artístico permitiunos ampliar a nosa visión da educación e da creación contemporánea.

Levamos desta experiencia novas inspiracións, contactos profesionais e moitas ideas para seguir construíndo proxectos colaborativos entre centros europeos.

## **Listados de contacto**

- Accademia di Belle Arti Mario Sironi: <https://www.accademiasironi.it/>
- Sardegna Teatro: <https://www.sardeginateatro.it/>
- Sardegna Film Commission: <https://www.sardegnafilmcommission.it/>
- Información sobre Pinuccio Sciola: <https://www.pinucciosciola.it/>